

FICHA DE COMPILADOR



Nome: Francisco Manteiga Rodríguez

Data de nacemento: 13 de maio de 1986

Lugar de nacemento: A Coruña

Biografía:

Francisco Manteiga Rodríguez estudou a carreira de Educación Musical na Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente traballa como mestre de música en Primaria.

Con catro anos entra a formar parte da Asociación Xuvenil Xacarandaina. Aprende baile tradicional galego con José Ramón Noya e pandeireta (comeza catro anos máis tarde) con Belén Mato e despois con Ana Edreira. En novembro do ano 2000 pasa a formar parte do Grupo de Música e de Baile Tradicional Xacarandaina, e no 2008 do grupo de pandereteiros, ambos os dous dirixidos por Henrique Peón.

Realiza as súas primeiras recollidas de campo no ano 2008, e nesas mesmas datas comeza co ensino de baile tradicional en Xacarandaina e no colexio Liceo La Paz. Tamén foi mestre de baile e pandeireta na Asociación Airiños dos Carrís, en Cerdido, e na escola da Asociación Cultural Xacarandaina.

Na súa formación musical destacan estudos de piano e solfexo (Presto Vivace), a participación en obradoiros de canto con Xabier Díaz e Carmen Rey, en diversos cursos didácticos e xornadas de baile (aCentral Folque, Asociación de Gaiteros Galegos) e en obradoiros de percusión. No seu interese polo folclore e a súa actual dedicación a este tiveron especial relevancia Salomé Couso e Henrique Peón.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

[10-01-2018]